

INFORMACIÓN BÁSICA RELATIVA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ÁREA DE INGLÉS

CPI da Cañiza

Curso 2017-2018

Materiais e recursos didácticos

Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.

Libros de texto

CURSO	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1º ESO	Action! ESO 1 Student's Book	Caroline McDonald/ Emily Devlin	Burlington Books
2º ESO	New Action! ESO 2 Student's Book	Caroline McDonald/ Laura Norcott	Burlington Books
3º ESO	Action! ESO 3 Student's Book	Caroline McDonald/ Emily Devlin	Burlington Books
4º ESO	New Action! ESO 4 Student's Book	Caroline McDonald/ Laura Norcott	Burlington Books

Co fin de fomentar a lectura autónoma de textos distintos dos libros de clase, o Departamento acordou utilizar entre outros os seguintes libros de lecturas graduadas:

Libros de lectura (readers)

1º da ESO

- Winston, Emily: *All about Britain*, Burlington Books Activity Readers.
- Lindop, Christine: *Sally's Phone*, Oxford University Press

2º da ESO

- Dickens, Charles: *A Christmas Carol*, Burlington Books Original Series.
- Stanmore, Anne: *A Ghost Collection*, Burlington Books, Activity Readers

3º da ESO

- Winston, Emily: *All about Ireland*, Burlington Activity Readers.
- O'Reilly, Elaine: *Pirates of the Caribbean: the Curse of the Black Pearl*, Pearson English Readers,

4º da ESO

- Kendall, Sue: *Villains*, Burlington Activity Readers
- Smith, Bernard: *The Ring*, Pearson English Readers, level 3

Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliación inicial

A avaliación inicial permite descubrir os coñecementos de inglés que teñen os alumnos nun grupo determinado coa finalidade de adecuar a ensinanza da materia ó alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

Os instrumentos e procedementos para levar a cabo esta avaliación inicial serán a observación sistemática dos alumnos na aula durante os primeiros días de clase xunto coa realización dun test de diagnóstico e material complementario para repasar os contidos de cursos anteriores necesarios para proceder ó desenvolvemento da programación.

Avaliación trimestral

Os criterios de cualificación dos profesores de Lingua Inglesa establecen unhas pautas a seguir na análise da información que se recolle do alumnado. Estas pautas consignan un valor determinado a cada mostra de rendemento dos estudantes.

Haberá **tres avaliacións**, unha ó final de cada trimestre, en cada unha das cales se realizarán probas obxectivas das **catro destrezas básicas** dun idioma (Listening, Reading, Writing e Speaking) ,sen perxuízo de outro tipo de exercicios que os profesores e profesoras de cada ciclo ou nivel estimen oportunos para unha correcta avaliación do alumnado.

A observación diaria do alumno será tamén un instrumento de avaliación no que se terán en conta diversos aspectos tales como a constancia no traballo diario, o esforzo e interese, a entrega de traballos no prazo indicado polo profesor, os resultados acadados en probas ou preguntas efectuadas polo profesor no transcurso habitual da clase para comprobar a correcta adquisición das competencias traballadas e a actitude e comportamento na aula.

Con respecto ás probas anteriormente citadas realizaranse como mínimo dúas probas escritas/orais por cada avaliación, segundo o criterio do profesor correspondente, tendo en conta as características de cada clase.

O profesor poderá conceder distinto peso ás probas escritas dependendo dos estándares que se avalíen nelas, indicando ós alumnos esta circunstancia con tempo suficiente antes da súa realización.

A data das probas será acordada co consenso dos alumnos, que serán debidamente informados de qué estándares van ser avaliados.

Se algún alumno non puidese facelas na data sinalada, deberá presentar un xustificante documental con antelación se é posible. No caso de ser un imprevisto, deberá comunicar a súa ausencia ó profesor correspondente coa maior brevidade posible. Posteriormente, o profesor decidirá se o motivo alegado xustifica ou non dita ausencia e se lle realizará

outra proba.

A obtención da nota media dunha avaliación ata un máximo de 10 puntos farase do seguinte xeito:

O **90% da nota final** correspóndelle ás probas realizadas ó longo do trimestre sobre as destrezas básicas, ponderadas do seguinte xeito:

- Listening/speaking: 20%
- Reading : 20% / reader (libro de lectura) : 10%
- Writing: 10%
- Grammar: 30%

O **10% restante** correspóndelle os traballos escritos, a libreta, a avaliación do traballo diario e a actitude na aula.

Para poder facer a nota media e aplicar estas porcentaxes cómpre ter como mínimo unha **puntuación igual ou superior a dous puntos** en cada unha das destrezas

Dado que é habitual que exista unha parte do alumnado que tende a non realizar ou presentar exercicios e traballos fundamentais para a súa avaliación decídese que por cada unha destas incidencias se descontará unha porcentaxe da nota de cada avaliación, incluída por suposto a final de xuño, ata un máximo de 1 punto.

Os alumnos deberán dispor dun apartado especial para a materia de inglés nos seus cadernos. Tódolos traballos e exercicios terán boa presentación, e deberán estar debidamente corrixidos. O profesor poderá pedilos en calquera momento para unha avaliación continua do alumno.

Dado que a avaliación é continua, o alumno que non supere a materia nunha avaliación, é dicir cando a nota obtida na avaliación trimestral sexa inferior a 5 puntos, poderá recuperala nas probas realizadas na seguinte avaliación cando obteña unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre sinalar que o docente que imparta a materia ten a completa liberdade para realizar probas extraordinarias (probas de recuperación, probas finais) ó longo do curso académico sempre que o estime necesario e conveniente.

Avaliación final en xuño

Para a nota numérica da avaliación final terase en conta o traballo de todo o curso. Polo tanto, para calcular a nota final de xuño farase unha media ponderada das notas obtidas nas tres avaliacións, **sempre que a terceira avaliación estea aprobada**. A media ponderada se calculará do seguinte xeito:

Nota final de xuño.

(Nota da 1ª avaliación x 1 + nota da 2ª avaliación x 2 + nota da 3ª avaliación x 3): 6

Considérase que a materia está superada cando a nota final de xuño sexa igual ou superior a 5 puntos.

Avaliación extraordinaria de setembro.

Se non se superou a materia en xuño, o alumno terá a posibilidade de realizar unha **proba extraordinaria en setembro**. Esta proba será común para tódolos alumnos dun mesmo nivel que serán avaliados de acordo cos estándares avaliados especificados nesta programación.

Considérase que a materia está superada cando a nota final de setembro sexa igual ou superior a 5 puntos.

Materias pendentes: plan de traballo, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Para facilitar a superación da materia pendente de lingua inglesa o alumnado ten dereito a realizar tres probas escritas de recuperación no transcurso do ano académico en curso.

As tres probas escritas estrutúranse do seguinte xeito:

- **Primeira proba** de recuperación parcial que comprenderá o **50% da materia** e será realizada no mes de **novembro**.
- **Segunda proba** de recuperación parcial que comprenderá o **50% restante da materia** e será realizada no mes de **febreiro** ou **marzo**.
- Proba de **recuperación final** que incluírá o **100% da materia** e será realizada no mes de **maio**.

O Departamento de Lingua Inglesa elaborará un traballo de reforzo co obxectivo de facilitar ó alumnado que teña a materia de lingua inglesa pendente a preparación das probas de recuperación.

O profesor correspondente entregará este traballo de reforzo ós alumnos implicados e informará ós mesmos da data de entrega. Polo tanto, este traballo de reforzo deberá ser entregado polos alumnos ó profesor dentro do prazo establecido para que sexa avaliado e tido en conta xunto coas probas escritas mencionadas anteriormente.

A Xefa de Departamento deberá facer un seguimento do alumnado coa materia pendente de lingua inglesa, supervisando e publicando as probas e os resultados das mesmas.

Asimismo, o profesor correspondente que imparta docencia no grupo de referencia do alumno que teña a materia pendente deberá observar e avaliar a súa actitude cara a materia, o seu traballo individual e o progreso de adquisición dos coñecementos non

adquiridos no seu día.

En todo caso, a materia pendente considerarase superada se na avaliación do mes de xuño do ano académico en curso o alumno aproba a Lingua Inglesa do curso no que está matriculado.

Criterios de cualificación.

Os alumnos que presentaron os exercicios de reforzo na data indicada e debidamente cubertos serán avaliados da seguinte forma:

- **10% da nota: actividades de reforzo.**
- **90% da nota: proba escrita de recuperación.**

Os alumnos que non presenten as actividades de reforzo serán unicamente avaliados pola proba escrita de recuperación, aplicándolle a porcentaxe correspondente.

A obtención da nota media na avaliación da materia de inglés pendente ata un máximo de 10 puntos farase do seguinte xeito:

- 50% da nota final: **primeira proba de recuperación parcial.**
- 50% da nota final: **segunda proba de recuperación parcial.**

Polo tanto, para calcular a nota final farase unha media das notas obtidas nestas dúas probas de recuperación parciais, sempre que a nota obtida en cada un dos exames parciais sexa igual ou superior a **3.5 puntos**.

Considérase que a materia de lingua inglesa pendente está aprobada cando a nota final sexa igual ou superior a **5 puntos**.

A materia pendente de lingua inglesa considérase que está superada se o alumno/a ten aprobadas as dúas primeiras avaliacións de inglés do ano académico que estea cursando.

Se non se superou a materia, o alumno terá a posibilidade de realizar unha **proba escrita de recuperación final en maio**. Para recuperar a materia pendente de lingua inglesa, o alumno terá que obter unha puntuación igual ou superior a **5 puntos** na devandita proba.

Por último, haberá unha **proba final extraordinaria** no mes de **setembro** que terán que realizar os alumnos que non superaron a materia na proba de recuperación final de maio. Para recuperar a materia, o alumno terá que obter unha puntuación igual ou superior a **5 puntos** na proba final extraordinaria.